



Concello de Mugardos
(A Coruña)

9/2021. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 9 DE XULLO DE 2021.

Sendo as oito horas e trinta e tres minutos do día 9 de xullo do ano dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, celebrándose a mesma de xeito telemático debido a que a situación excepcional que se está a padecer, por mor da crise sanitaria xerada pola expansión do coronavirus COVID-19, dificulta de xeito desproporcionado o normal funcionamento do réxime presencial das sesións plenarias, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 2021/0723, de data 06.07.2021; sesión que se leva a cabo baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras, e para a que previamente se teñen identificado tódolos integrantes do Pleno da Corporación, atopándose todos eles en territorio español. Non asisten as/os concelleiras/os Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, Dna. María Dolores González Lorenzo, Dna. María Irene Toimil Fernández e D. Iván Martínez González. Asiste tamén, a distancia, a interventora accidental municipal Dna. Mercedes Ocampo Santiago (nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 19.02.2015, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 2021/0664 de 22.06.2021), que previamente se ten identificado, atopándose tamén en territorio español.

Actúa como secretario, o que o é da Corporación, D. David Veiga Sierra, facéndose constar que tódolos concelleiros/as asistentes atópanse acreditados e perfectamente identificados polo que reúnen os requisitos para poder participar, mediante conexión por medios telemáticos, na presente sesión plenaria.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº13 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS

30 s: O sr. Alcalde di que o presente asunto ven ditaminado favorablemente pola comisión informativa de facenda, e de seguido dá a palabra ao concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá.

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

54 s: Polo sr. Mahía Prados di que na proposta que se trae, ademais de incorporar a bonificación do segundo fillo que hai tramitada pola Xunta de Galicia,





Concello de Mugarodos
(A Coruña)

faise unha armonización de toda a normativa autonómica referente ao uso da ordenanza fiscal na Escola Infantil das Lagoas coas escolas infantís de Galicia, e ademais incorpóranse outros cambios como eliminar a matrícula da Escola Infantil, as bonificacións nos menús e a bonificación do 100% da cota de atención educativa.

2 min 32 s: O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

2 min 48 s: O sr. Varela Filgueiras manifesta que o sentido do voto do seu grupo será o da abstención, posto que aínda que entenden que as medidas van a supoñer un beneficio para a veciñanza de Mugarodos tamén entenden que todo o que sexa a nivel educativo debería de ser gratuíto.

4 min 07 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Martínez Bardanca.

4 min 24 s: O sr. Martínez Bardanca manifesta que o sentido do voto do seu grupo será favorable á aprobación da modificación de ordenanza para que os nenos de Mugarodos poidan beneficiarse destas axudas, e quere deixar constancia da súa crítica ao retraso na aplicación das axudas para o segundo fillo. A continuación di que o camiño debe ser o de ir cara a gratuidade do servizo de 0 a 3 anos pero sempre comezando polas familias que o máis o necesitan, e isto debe de facerse a través da renda e non do número de fillos. E remata dicindo que agora hai que actualizar o regulamento para adaptalo á nova ordenanza.

7 min 55 s: Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións, dando de seguido a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste segundo turno de intervencións.

- 2º TURNO DE INTERVENCIÓNS

8 min 09 s: O sr. Mahía Prados di que aínda que a Xunta de Galicia sacou a normativa no ano 2020 o Concello ata o 25 de febreiro de 2021 non puido liquidar as débedas que había coa empresa que tiña a concesión da Escola Infantil, co cal non se puido modificar a ordenanza antes porque había débedas do ano 2017, 2018 e 2019 que estaban sen pagar. De seguido, e no referente ao tema da gratuidade, di que esta modificación da ordenanza vai nesa liña, e sinala que con esta modificación o 46% das





Concello de Mugardos
(A Coruña)

familias pagaría 0 euros, e que con estas rebaixas, eliminación da matrícula, bonificacións dos menús, ademais da cota do 100% que é a que di a Xunta, danse casos como que hai unha media de rebaixa do 48,81% para as familias, chegando nalgún caso ao 69%. E remata dicindo que o obxectivo desta medida é o de asentar poboación en Mugardos.

12 min 06 s: O sr. Alcalde di que a pesar das críticas construtivas manifestadas está ben que se poida chegar a este tipo de consensos para beneficio dos mugardeses, e de seguido somete o asunto a votación.

Rematadas as intervencións, sométese a votación o asunto, e o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada polo concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá en data 22.06.2021, o informe emitido pola intervención municipal en data 22.06.2021, e o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 01.07.2021, obrantes no expediente, por 8 votos a favor (5 PP, 3 PSOE) e 1 abstención (1 BNG), **ACORDA:**

1.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal nº 13 reguladora da taxa pola prestación dos servizos da Escola Infantil Municipal As Lagoas, quedando redactada, unha vez feitas as modificacións correspondentes, segundo o texto que figura no ditame da Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá realizada o día 01.07.2021.

2.- Expoñelo ao público a efectos de reclamación, durante o prazo de trinta días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo, no suposto que durante o indicado prazo non se teñan presentado reclamacións.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás oito horas e corenta e seis minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e da que eu, como Secretario Xeral do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (video-acta) que forma parte da acta, no que á transcripción das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do Concello de Mugardos, puidendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:

<http://actasesionesdigital.smartis.es/mugardos/visor.aspx?id=23>

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):
41c5e7886d064731e0eb2b2d64566ad155e4736dd994f691022567a563e03528

Vº e praxe
O ALCALDE

